

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 19 de xuño de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 19/06/2024
- II. Asistentes á CGIC do 19/06/2024
- III. Rexistro R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2024/2025.

Ábrese a sesión ás 10 horas e 30 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 2 de abril de 2024.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de Calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ Comunicacions da Área de Calidade

✓ ES enquisas satisfacción curso 23/24:

- 9 abril. Estado de participación nas titulacións da emE e petición de difusión.
- 13 xuño. Actualización do estado de participación nas titulacións da emE e petición de difusión; o prazo destas enquisas remata o 30 de xuño.

Titulación	Estudantado			Persoas tituladas		
	Respostas	Poboación	Particip.	Respostas	Poboación	Particip.
G290 GEE	3	19	16%	5	16	31%
G310 GERME	2	8	25%	0	3	0%
M148 MUEM	3	6	50%	2	3	67%
Totais	8	33	24%	7	22	32%

✓ EAD curso 23/24 – segundo cuadrimestre:

- 7 maio. Estado de participación nas EAD (2º cuadrimestre) e petición de difusión.
- 13 xuño. Actualización do estado de participación nas titulacións da emE e petición de difusión; o prazo destas enquisas rematou o 17 de xuño.

Titulación	Cuestionarios		
	Realizados	Posibles	Particip.
G11480 GEE	76	1081	7%
G11482 GERME	34	280	12%
M10376 MUJEM	0	18	0%
M11578 MUXSA	5	36	14%
Totais	113	1415	8%

- ✓ **Dirección da Área de Calidade:**
 - 2 maio. Joaquín Collazo presenta a súa dimisión como director da Área de Calidade.
 - 15 maio. Raquel Gandón é nomeada directora da Área de Calidade.
- ✓ **DOCENCIA:**
 - 8 abril. Achegadas valoracións anuais do profesorado da emE (curso 2022/2023).
 - Docencia quinquenal: emitíronse os Informes de Responsables Académicos para o profesorado adscrito á Escola (4 solicitudes).
- ✓ **Estado da modificación do plan de estudos do Máster en Enxeñaría de Minas**
 - 18 abril. Informe provisional ACSUG (achegado o 22 abril).
 - 7 maio. Achégase a resposta do centro (resposta e memoria definitiva cos cambios pedidos).
 - 5 xuño. Informe final favorable da ACSUG.
- ✓ **Solicitud de redución prazas para o Grao ERME**
 - A SXU acordou reducir o número de prazas ofertadas: 30 prazas.
- ✓ **Solicitud de singularidade para o Grao ERME**
 - Non se recibiu resposta.
- ✓ **Solicitud do Selo de Excelencia para o Grao EE**
 - 9 abril. Ningún título da UVIGO acadou o selo; non se achegaron cualificacións nin información sobre a avaliación das candidaturas.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
 - ✓ 22 abril. Publicación do indicador *DOC. Profesorado con horas de docencia* corrixido (agora xa aparece a categoría laboral correspondente para o Tipo Posto “INVESTIGADOR”).
- **Rexistros que quedan pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2023/2024**
 - ✓ *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública.*
 - O proceso de reestruturación da web e cambio da empresa de mantemento está a piques de rematar; este rexistro está posposto ata que a nova web estea operativa e poida ser chequeada.
 - ✓ *R1 DE-01 Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro.*
 - O proceso está en marcha pero so pospuxo para dar prioridade a outros temas.
 - Vaise retomar nos próximos días.

- ✓ *R1 DE-02 Cadro de Mando.*
 - 17 abril. Achegáronse a Área de Calidade as suxestións do centro.
 - 24 abril. Reunión da dirección do centro coa Área de Calidade para debater as propostas e dúbidas. A emE acepta participar nun plan piloto para a xestión do cadro de mando e o seu uso para a elaboración do IRPD.
 - 13 xuño. A Área de Calidade comunica que non lle da tempo de elaborar agora unha nova versión do Cadro de Mando, tendo en conta as propostas achegadas, e propón que o centro decida entre usar a versión dispoñible ou facer o IRPD como nos cursos precedentes.
- ✓ *R1 DE-03 Informe de revisión do sistema pola dirección.*
 - Depende do rexistro anterior.

A Presidenta agradece ao coordinador o traballo realizado.

3. **Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2024/2025.***

A Presidenta cede a palabra ao Coordinador de Calidade, quen amosa o documento proposto (Anexo III) e sinala que se basea no PAT-ANEAE do curso anterior, recollendo uns pequenos axustes: actualización dos nomes das persoas titoras, inclusión de mencións ao Máster en Xestión Sostible da Auga e introdución uns pequenos cambios nos formularios das enquisas finais de satisfacción (anexos IV-B e IV-C do documento). Engade que no documento amosado xa se tiveron en conta unhas suxestións achegadas polos membros da comisión e se corrixiron as erratas detectadas.

A Comisión aproba a proposta por asentimento.

A Presidenta agradece a Ángeles Domínguez o traballo desenvolvido como coordinadora do PAT/PIUNE.

4. **Rogos e Preguntas.**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 49 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezanove de xuño de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 19/06/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 19 de xuño de 2024, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto (*)**, e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 2 de abril de 2024.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do rexistro *RI DO-0203 PI Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2024-2025*.
4. Rogos e Preguntas.

Vigo, 12 de xuño de 2024

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Elé-De-6-Qu-ese-Elé)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 19/06/2024



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 19 de xuño 2024	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Ángeles Domínguez Santiago	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Mateo Salgado Díaz	Representante do estudantado de grao 2



ANEXO III

**Rexistro R1 DO-0203 Plan de acción tutorial e atención ás
necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE)
do centro para o curso 2024/2025**